



CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de xullo de 2024 de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcción, Instalacións e Obras.

O texto íntegro da modificación da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

ARTIGO 1. Natureza e fundamento

De conformidade co disposto nos artigos 59.2 e 100 e seguintes do Real decreto lexislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Antas de Ulla establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, nos termos regulados na presente Ordenanza

ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívrase ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, presentáranse ou non, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda a este Concello. Os actos de edificación e usos do solo que requiran licenza ou presentación de comunicación previa son os previstos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na normativa que a desenvolve. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado anterior, considerárase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo o interesado.

ARTIGO 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas ou as entidades locais do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan propietarios da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. Aos efectos previstos neste artigo terá a consideración de propietario da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou presenten a correspondente declaración responsable ou comunicación previa ou realicen as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 4. Base imponible, cota, tipo de gravame e devengo

I.A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios

de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

II. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

III. O tipo de gravame será progresivo segundo a base imponible indicada na seguinte táboa:

IMPORTE DO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	TIPO DE GRAVAME
Ata 100.000,00 €	1,00%
De 100.001,00 a 300.000,00 €	2,00%
De 300.001,00 a 500.000,00 €	3,00%
De 500.001,00 € en adiante	4,00%

1. A obriga de contribuír nace no intre de comezar a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza que proceda. Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data da resolución.

ARTIGO 5. Xestión

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar unha autoliquidación polo imposto, coa determinación da base imponible en función do presuposto declarado polo interesado, e a ingresala, en calquera entidade colaboradora autorizada, ao solicitar a licenza preceptiva, sen que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereito a favor destes.

2. O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez terminadas as construcións, instalacións ou obras.

3. Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e se incrementara o orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos presentarán unha autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o declarado.

ARTIGO 6. Exencións e bonificacións

1. EXENCIÓNS

Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ó mesmo, vaia ir directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

2. BONIFICACIÓNS

A cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras será susceptible de bonificación nos seguintes supostos:

2.1. Bonificación a favor de construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que reúnan as características quede seguido se relacionan. A dita declaración corresponderá ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros:

a) O Estado, as Comunidades autónomas, Entidades locais e os seus respectivos Organismos Autónomos, gozarán da bonificación na cota do 95 % polas construcións, instalacións e obras destinadas a hospitais, ambulatorios e á educación infantil, primaria e secundaria.

b) O Estado, as Comunidades autónomas, Entidades locais y os seus respectivos Organismos Autónomos, gozarán da bonificación na cota do 50 % polas construcións, instalacións e obras destinadas a centros educativo-culturais, sanitarios, asistenciais, sociais, culto relixioso e os que se refiren á conservación, rehabilitación ou protección dos bens inmobles ou dos espazos de interese que figuren nos Catálogos de Bens e Espazos Protexidos.

c) As entidades, asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro terán unha bonificación na cota do imposto do 50 % polas mesmas construcións, instalacións e obras recollidas nos apartados a) e b) do presente artigo.

d) Os suxeitos pasivos gozarán dunha bonificación do 50 % polas construcións, instalacións e obras que afecten a vivendas e outras edificacións que se caractericen pola súa especial vinculación co sector primario de carácter agrícola, gandeiro ou forestal.

e) Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de membro de familia numerosa na data do devengo do imposto, e no relativo a aquelas construcións, instalacións e obras que afecten a súa vivenda habitual familiar, terán as seguintes porcentaxes de bonificación, conforme á categorías de familia numerosa establecidas pola Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas:

a. Categoría xeral: 30 % de bonificación na cota íntegra.

b. Categoría especial: 90 % de bonificación na cota íntegra.

A tal efecto, entenderase por vivenda habitual familiar aquela na que estea empadroado o suxeito pasivo que teña a condición de membro de familia numerosa acreditada mediante a presentación do correspondente título, ou aquela vivenda que o sexa no prazo máximo dun ano unha vez terminada a construción, instalación ou obra.

2.2. Bonificación do 90 % a favor das construcións, instalacións e obras específicas que sexan necesarias para favorecer o acceso e habitabilidade dos discapacitados e dependentes, pola parte do proxecto que afecte unicamente a estas construcións, instalacións e obras.

2.3. Bonificación do 50 % a favor das construcións, instalacións e obras referentes ás vivendas de protección oficial.

2.4. Bonificacións, de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artio 103.2 a) do real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cos seguintes tramos:

I. Bonificación dun 95,00% da cota íntegra do imposto pola creación de máis de 20 postos de traballo.

II. Bonificación dun 75,00% da cota íntegra do imposto pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

III. Bonificación dun 50% da cota íntegra do imposto pola creación de ata 10 postos de traballo.

Estas bonificacións serán de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego e que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá, a declaración de especial interese ou utilidade municipal, ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3. As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

a) Solicitude do interesado.

b) Informe dos servizos municipais correspondentes.

c) Acordo do órgano competente, sen prexuízo do establecido para o suposto do apartado 2.1.

4. As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo, deberán presentarse xunto coa solicitude das correspondentes licenzas e non poderán aplicarse simultaneamente.

ARTIGO 7. Infraccións e sancións

A cualificación das infraccións tributarias e a determinación das sancións que polas mesmas correspondan, rexerase polo disposto na Lei xeral tributaria e disposicións que a complementen e desenvolvan, coas especificacións que resulten do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Disposición final

A presente modificación da ordenanza, aprobada por acordo do Concello no Pleno do 30 de xullo de 2024, entrará en vigor e será de aplicación a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 25 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 2857

BURELA*Anuncio***LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE PEDAGOGO/A DE ATENCIÓN TEMPERÁ COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-**

Por esta Alcaldía en data 26/09/2024 ditouse resolución nº 2024-0926 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 23/04/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0352 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de **PEDAGOGO/A DE ATENCIÓN TEMPERÁ**, grupo A1, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 099 de 29/04/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
María Cristina Carral Maceiras	***9976**	EXENTA
Rosa María Fraga Pena	***9178**	EXENTA
Isabel Herrero Díaz	***7366**	EXENTA
Ester Orosa Del Río	***3637**	EXENTA

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A.-

Titular: D. Jesús Cartelle Fernandez. Xefe do servizo da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Ribeira.

Suplente: D. Juan José Sieira Valiño. Psicólogo Clínico no CHUO.

VOGAIS.-

Titular: Dª. Catalina Caamaño Isorna. Farmacéutica de atención primaria do centro de saúde de Burela.

Suplente: Dª. María José Cortés Canay. Directora Distrito Sanitario da Mariña.

Titular: Dª María Lourdes Suárez Fernández. Xefa de Servizo-Psicóloga da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Carballo.

Suplente: Dª. Cristina Lastra Barreira. Facultativo Especialista de Área de Psicoloxía Clínica, en Unidade de Saude Mental de Burela.

Titular: Dª. Rocio Valle Fraga. Avogada do CIM do Concello de Burela..

Suplente: Dª Berta López Fernández. Coordinadora da Unidade de Saúde Mental Hospital Público da Mariña.

SECRETARIO/A.-

Titular: Dª. María Elisa Mogo Miranda. Técnico de Administración Xeral do Concello de Burela.

Suplente: Dª. Begoña Teijeiro Campo. Secretaria do Concello de Barreiros.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 14 de outubro de 2024 (luns), ás 9:30 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en

Burela, 26 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino”

R. 2858

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE PSICÓLOGO/A DE ATENCIÓN TEMPERÁ COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 26/09/2024 ditouse resolución nº 2024-0924 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 22/04/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0345 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de **PSICÓLOGO/A DE ATENCIÓN TEMPERÁ**, grupo A1, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 097 de 26/04/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

A - PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Antonio Alvarez Fabeiro	***9822**	NON EXENTA
María Dolores Enriquez Insua	***9172**	EXENTA

B - PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Antia Ben Fernández	***8705**	EXENTA	1

Causas de exclusión:

1.- Non achegar certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delinquentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual o exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A.-

Titular: D. Jesús Cartelle Fernandez. Xefe do servizo da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Ribeira.

Suplente: D. Juan José Sieira Valiño. Psicólogo Clínico no CHUO.

VOGAIS.-

Titular: Dª. Catalina Caamaño Isorna. Farmacéutica de atención primaria do centro de saúde de Burela.

Suplente: Dª. Maria José Cortés Canay. Directora Distrito Sanitario da Mariña.

Titular: D^a María Lourdes Suárez Fernández. Xefa de Servizo-Psicóloga da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Carballo.

Suplente: D^a. Cristina Lastra Barreira. Facultativo Especialista de Área de Psicoloxía Clínica, en Unidade de Saude Mental de Burela.

Titular: D^a. Rocio Valle Fraga. Avogada do CIM do Concello de Burela..

Suplente: D^a Berta López Fernández. Coordinadora da Unidade de Saúde Mental Hospital Público da Mariña.

SECRETARIO/A.-

Titular: D^a. María Elisa Mogo Miranda. Técnico de Administración Xeral do Concello de Burela.

Suplente: D^a. Begoña Teijeiro Campo. Secretaria do Concello de Barreiros.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 14 de outubro de 2024 (luns), ás 9:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo

Burela, 26 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino”

R. 2859

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 20 de setembro de 2024, aprobaronse as liquidacións dos recibos de subministro de auga, depuración e saneamento e o Padrón das taxas recollida lixo e canon de auga para o 3º bimestre de 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 30 de setembro de 2024 e o 30 de novembro de 2024.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 20 de setembro de 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2860

LUGO*Anuncio*

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2024, acordou aprobar os seguintes expedientes:

- 1.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.
- 2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 103, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.
- 3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.
- 4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 109 REGULADORA DAS TAXAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.
- 5.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.
- 6.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Os citados acordos iniciais estarán expostos ao público durante o prazo de trinta días mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e os expedientes administrativos poderán ser examinados nas dependencias de Facenda Local (Ronda da Muralla 197, 2º andar), para que durante o mesmo prazo os/as interesados/as poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. A dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última destas dúas publicacións referidas; entendéndose como definitivos os acordos provisionais, de non se presentaren reclamacións a aqueles durante o dito período.

O presente anuncio publícase para os efectos previstos no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 26 de setembro de 2024. Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno e Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do Ilmo. Sr. Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.

R. 2861

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas AGOSTO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 09.09.2024 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de agosto 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 25.09.2024 ata o 25.11.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 20 de setembro de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2862

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 26/09/2024 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 14 de xuño de 2024.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ounalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días (10) hábiles contados dende o día seguinte da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostasno taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2863

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 26/09/2024 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 15 de xullo de 2024.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ounalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días (10) hábiles contados dende o día seguinte da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostasno taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2864

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 26/09/2024 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 28 de agosto de 2024.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No RexistroXeraldeste Concello (presencial ou electrónico) ounalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días (10) hábiles contados dende o día seguinte da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostasno taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2865

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 25 de setembro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de outubro ata o 15 de outubro de 2024. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2866

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 55/2024, TRANSFERENCIA DE GASTOS ENTRE DISTINTAS AREAS

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 24/09//2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 55//2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA de crédito por importe de **700.000,00 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 25 de setembro de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2867

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 54/2024, TRANSFERENCIA DE GASTOS ENTRE DISTINTAS AREAS

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 24/09//2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 54//2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA de crédito por importe de **66.944,26 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 25 de setembro de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2868

SOBER

Anuncio

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIAS NO CONCELLO DE SOBER DURANTE O ANO 2024.

O 24 de Setembro de 2024 A Alcaldía do Concello de Sober ditou a resolución sobre aprobación das bases e convocatoria de axudas para actividades culturais no Concello de Sober para o ano 2024 que ten o seguinte contido:

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva en materia de cultura co texto que figura no Anexo da presente proposta de Resolución.

SEGUNDO. Aprobar o gasto a que ascende o importe da subvención segundo se describe a seguir:

Tipo de subvención	Importe	Aplicación orzamentaria
Actividades culturais	2.000 €	338.489

TERCEIRO. Rexistrar a información para incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

ANEXO

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE SOBER A ASOCIACIÓNS CULTURAIAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA FOMENTAR ACTIVIDADES CULTURAIAS E FESTAS PARROQUIAIS NO ANO 2024.

1.-DISPOSICIÓNS XERAIS.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Sober para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento das subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxetividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións. A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define na base n.º 35 de execución do orzamento en vigor.

2.-OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes: celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos musicais, eventos deportivos, encontros, conferencias, estudos, e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

O gasto derivado das subvencións outorgadas imputarase á aplicación orzamentaria 334.489 do orzamento xeral vixente e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 2.000,00 euros para actividades culturais

Serán actividades subvencionables, ao abeiro das presentes bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro.

Non serán subvencionables investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas.

Así, tampouco teñen a consideración de subvencionables os gastos de mantemento ordinario (teléfono, auga, luz, gas, etc.) nin os gastos de bebidas alcohólicas ou tabaco.

Así mesmo, tampouco poden ser obxecto de subvención aquelas actividades xa suxeitas a un convenio de colaboración cō Concello, nin as que recibisen outro tipo de achega municipal.

Tampouco serán gastos subvencionables as cantidades satisfeitas ao Concello de Sober polo uso das súas instalacións culturais.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas de outros organismos públicos ou privados, superen o custo da actividade subvencionada.

3.-BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as persoas ou entidades, públicas ou privadas xurídicamente constituídas, así coma as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, e que cumpran as seguintes condicións:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Sober.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Sober.
- Non estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da LXS.

Ademais, salvo no caso das agrupacións sen personalidade xurídica, será requisito para a concesión da subvención, estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Sober.

4.-PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE.

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o **15 de outubro**.

4.2. LUGAR: Departamento de Cultura do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober (**concellodesober.sedelectronica.gal**).

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

1) Solicitud, segundo modelo normalizado dispoñible na sede electrónica do concello, asinada dixitalmente polo presidente da Entidade ou por quen teña conferida a delegación. En dita solicitude será preciso incluír o programa detallado da actividade ou servizo para o que se solicita a subvención, así coma o orzamento desglosado da actividade a realizar ou xa realizada. A solicitude de subvención non poderá superar o 80% do orzamento de gastos previsto ou realizado.

2) No caso de agrupacións sen personalidade xurídica (como as comisións de festas), a solicitude de subvención deberá ser presentada telemáticamente e asinada dixitalmente por unha persoa física nomeada polos membros da mesma. Para a comprobación deste extremo esixirase acompañar a solicitude de copia compulsada da acta constitutiva da agrupación, subscrita por todos os seus integrantes, onde se autorice á persoa que insta a axuda a cumprimentar os seus trámites, a percibir as cantidades concedidas coma subvención e a xustificar a mesma. Ademais, deberán constar os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros, e copia dos DNI de cada un deles.

3) Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

4) CIF da entidade (excepto para o caso de agrupacións sen personalidade xurídica).

5) Declaración responsable de non estar a Asociación incursa en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da LXS.

6) Declaración responsable de que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Administración Estatal, Autonómica e Local e coa Seguridade Social, en cumprimento do disposto no artigo 24 do RD 887/2006 de 21 de xullo, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso.

No suposto de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia na documentación presentada realizarase requirimento de emenda ao solicitante dispoñendo este de 5 días naturais para aceptar a notificación e 10 días laborais desde a dita aceptación para a corrección das deficiencias obxecto de requirimento.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será a Alcaldía, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas publicaranse no prazo máximo de un mes, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A achega máxima que poderá percibir cada beneficiario por conta desta convocatoria é de 300 €.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais.

O prazo máximo de xustificación será ate o 15 de novembro.

8. INCUMPRIMENTO E REINTEGRO DAS ACHEGAS:

De conformidade co disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da achega ate a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obrigaçión de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia e no caso das normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obrigaçión de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, excusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas en los artículos 11 y 12 da Lei 9/2007.
- f) Incumprimento das obrigaçións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, realizase a actividade, execútase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención
- g) Incumprimento das obrigaçións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da UE, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.

9 . DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Para todas as cuestións non previstas nas presentes bases será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento.

10. DISPOSICIÓN FINAL.

As presentes axudas concederanse ate o límite do crédito orzamentaria previsto para este finalidade na aplicación 338.489

No caso de que a contía das achegas solicitadas supere o importe do antedito crédito orzamentario, ordenaranse as solicitudes presentadas por estrito orde de presentación da solicitude.”

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONCELLO DE SOBER

DATOS DE LA ENTIDAD SOLICITANTE			
NOMBRE			
CIF		TELÉFONO	
DIRECCIÓN			
LOCALIDAD		CODIGO POSTAL	
Nº DE INSCRIPCIÓN EN EL REGISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES			
Nº DE PERSONAS ASOCIADAS A LA ENTIDAD			
CORREO ELECTRONICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			

DATOS DEL REPRESENTANTE			
NOMBRE Y APELLIDOS			
NIF		TELÉFONO	
RELACIÓN CON LA ENTIDAD			

DATOS BANCARIOS	
ENTIDAD BANCARIA	
Nº DE CUENTA	

DESCRIPCIÓN DE LAS ACTIVIDADES PARA LAS QUE SE SOLICITA LA SUBVENCIÓN

NOMBRE DE LA ACTIVIDAD / SERVICIO	
DESCRIPCIÓN DE LA ACTIVIDAD. DESTINATARIOS. INTERÉS Y OBJETIVOS QUE PERSIGUE:	
FECHAS DE REALIZACIÓN:	
AÑOS ANTERIORES EN EL QUE SE REALIZO (CONTINUIDAD):	
Nº DE PARTICIPANTES:	
PRESUPUESTO ESTIMADO DE GASTOS:	
PREVISIÓN DE OBTENER OTRAS SUBVENCIONES:	
PREVISIÓN DE INGRESOS PROPIOS PARA LA ACTIVIDAD:	

LUGAR Y FECHA	
NOMBRE DE LA PERSONA QUE FIRMA	
CARGO EN LA ENTIDAD	
FIRMA	

COPIE ESTA HOJA TANTAS VECES COMO SEA NECESARIO

ANEXO II - DECLARACIÓN DE OTRAS SUBVENCIONES SOLICITADAS PARA EL MISMO FIN

DATOS DEL PRESIDENTE DE LA ENTIDAD			
NOMBRE Y APELLIDOS			
NIF		TELÉFONO	

La persona firmante. DECLARA BAJO SU RESPONSABILIDAD:

Que para los mismos fines para los que solicita la subvención ante el Concello de Sober al amparo de la convocatoria de subvenciones destinadas a Asociaciones Culturales, Deportivas y Ampas del Concello de Sober, fueron solicitadas las siguientes subvenciones:

ENTIDAD ANTE LA QUE SE SOLICITO	IMPORTE	ESTADO(concedida/denegada/pendiente de resolución)

LUGAR Y FECHA	
FIRMA (Presidente de la entidad)	

ANEXO III - DECLARACIÓN Y COMPROMISO DEL PRESIDENTE DE LA ENTIDAD

DATOS DEL PRESIDENTE DE LA ENTIDAD			
NOMBRE Y APELLIDOS			
NIF		TELÉFONO	

La persona firmante (Presidente). DECLARA BAJO SU RESPONSABILIDAD:

1. Que conozco y acepto las bases reguladoras de la presente convocatoria y que no estoy incurso en las causas de incompatibilidad o incapacidad para recibir subvención previstas en el art. 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
2. Que la entidad que represento se encuentra al corriente en las obligas con el Estado, con la Xunta de Galicia y con la Seguridad Social. Así como con el Concello de Sober. Y que autoriza al órgano instructor de la subvención para solicitar de oficio las consultas necesarias a estas Administraciones.
3. Que la entidad por mi representada se somete a las actuaciones de comprobación y a la aportación de la documentación que el Concello de Sober pueda acordar para comprobar que las actuaciones a las que se dedique la subvención, en el caso de que nos fuese concedida, se corresponden con los fines para los que se solicita.
4. Que la entidad por mi representada se compromete a difundir en la publicidad de las actividades subvencionadas el carácter público del financiamiento, indicando expresamente la colaboración del Concello de Sober, en el modo establecido en las Bases de la Convocatoria.
5. Que todo el personal que por cuenta de la entidad, imparte, realiza o colabora en las actividades que figuran en la solicitud de subvención que impliquen contacto habitual con menores, cumplen el requisito previsto en el art. 57 de la Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y a la adolescencia frente a la violencia.
6. Que todos los datos aportados en la presente solicitud son ciertos.

LUGAR Y FECHA	
FIRMA (Presidente de la entidad)	

ANEXO V - MODELO XUSTIFICACIÓN (TRAS LA CONCESIÓN DE LA SUBVENCIÓN)

ENTIDAD	
CIF	

DATOS DEL PRESIDENTE DE LA ENTIDAD			
NOMBRE Y APELLIDOS			
NIF		TELÉFONO	

I. MEMORIA DE ACTUACIÓN.

1.	Enumeración y descripción de las actividades realizadas:
2.	Temporalización:
3.	Participantes:

I. DECLARACIÓN DE CUMPLIMIENTO:

Como representante de la entidad DECLARO:

1) Que fueron cumplidas las finalidades para las que se concedieron la subvención por el Concello de Sober destinadas a Asociaciones Culturales, Deportivas y Ampas del Concello de Sober al amparo de la convocatoria correspondiente al ejercicio 2024, resultando conseguidos los objetivos propuestos.

2) Que las actividades que se detallan a continuación, subvencionadas por el Concello de Sober, fueron realizadas en su totalidad:

- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____

1) Que para la realización de las actividades fueron efectuados los gastos que se relacionan y obtenidos los ingresos que se detallan en los cuadros anexos a esta certificación.

I. DECLARACIÓN DE INGRESOS:

Como representante de la entidad DECLARO que: (Marque una de las opciones)

	La entidad que represento no ha obtenido otros ingresos públicos ni privados para el mismo objeto que el subvencionado por el Concello de Sober.
	La entidad ha obtenido las subvenciones o recursos (Art.30.4 de la Ley 38/2003 General de Subvenciones) que se incluyen en la tabla siguiente para el mismo objeto que lo subvencionado por el Concello de Sober.

PROCEDENCIA (Entidad pública o privada, usuarios, etc.)	IMPORTE
Concello de Sober	
Ingresos generados por las propias actividades	
Otros ingresos:	
TOTAL INGRESOS	

FIRMA

Este documento se debe firmar por el/la presidente/a

Sober, 24 de setembro de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2869

O VICEDO

Anuncio

Por Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o pasado 20 de setembro de 2024, prestouse aprobación ós padróns que abaixo se relacionan, todos correspondentes ó 1º semestre de 2024, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se produza a notificación.

As liquidacións non pagadas en período voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aplicaranse as recargas correspondentes, así como os demais gastos e custes que procedan ata o día do ingreso da débeda tributaria correspondente (artigo 28 da Lei 58/2003.)

No suposto do canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003.

O Vicedo, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, Don José Jesús Novo Martínez.

R. 2870

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 19 de setembro de 2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto de 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 19 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2871

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2024, o expediente de modificación do orzamento 2024, na modalidade de suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 26 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María Loureiro García-

R. 2872

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – SOBER

Anuncio

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURALS NO CONCELLO DE SOBER DURANTE O ANO 2024.

BDNS (Identif.): 787543

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/787543>)

3.-BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as persoas ou entidades, públicas ou privadas xuridicamente constituídas, así coma as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, e que cumpran as seguintes condicións:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Sober.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Sober.
- Non estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da LXS.

Ademais, salvo no caso das agrupacións sen personalidade xurídica, será requisito para a concesión da subvención, estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Sober.

4.-PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de outubro.

4.2. LUGAR: Departamento de Cultura do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober (concellodesober.sedelectronica.gal).

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

1) Solicitud, segundo modelo normalizado dispoñible na sede electrónica do concello, asinada dixitalmente polo presidente da Entidade ou por quen teña conferida a delegación. En dita solicitude será preciso incluír o programa detallado da actividade ou servizo para o que se solicita a subvención, así coma o orzamento desglosado da actividade a realizar ou xa realizada. A solicitude de subvención non poderá superar o 80% do orzamento de gastos previsto ou realizado.

2) No caso de agrupacións sen personalidade xurídica (como as comisións de festas), a solicitude de subvención deberá ser presentada telemáticamente e asinada dixitalmente por unha persoa física nomeada polos membros da mesma. Para a comprobación deste extremo esixirase acompañar a solicitude de copia compulsada da acta constitutiva da agrupación, subscrita por todos os seus integrantes, onde se autorice á persoa que insta a axuda a cumprimentar os seus trámites, a percibir as cantidades concedidas coma subvención e a xustificar a mesma. Ademais, deberán constar os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros, e copia dos DNI de cada un deles.

3) Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

4) CIF da entidade (excepto para o caso de agrupacións sen personalidade xurídica).

5) Declaración responsable de non estar a Asociación incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da LXS.

6) Declaración responsable de que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Administración Estatal, Autonómica e Local e coa Seguridade Social, en cumprimento do disposto no artigo 24 do RD 887/2006 de 21 de xullo, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso.

No suposto de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia na documentación presentada realizarase requirimento de enmenda ao solicitante dispoñendo este de 5 días naturais para aceptar a notificación e 10 días laborais desde a dita aceptación para a corrección das deficiencias obxecto de requirimento.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será a Alcaldía, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas publicaranse no prazo máximo de un mes, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A achega máxima que poderá percibir cada beneficiario por conta desta convocatoria é de 300€.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais.

O prazo máximo de xustificación será ate o 15 de novembro.

Sober, 24 de setembro de 2024.- O Alcalde – Presidente, Luis Fernández Guitián.

R. 2873

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2024-1360 DO 26 DE SETEMBRO POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DA XXXVI TIRADA DE BOLOS DO CONCELLO DE XOVE

BDNS (Identif.): 787674

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/787674>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Tanto na Liga Senior Masculina coma na Feminina poderá participar calquera persoa, sen límite de idade. Na Liga Sub 16, que terá carácter mixto, poderán participar tanto rapaces coma rapazas menores de 16 anos. Caso de cumprir os 16 anos durante o campionato, deberá seguir na Liga Sub 16 ata a finalización do mesmo.

A documentación a presentar será exclusivamente o N.I.F.. En cada tirada elaborárase, por parte do persoal coordinador, un listado dos participantes na mesma e da puntuación obtida.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios da XXXVI Tirada de Bolos "Concello de Xove".

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá dous tipos de premios: premios por tirada e premios finais.

Premios por tirada.

	LIGA SENIOR M.	LIGA SUB 16	LIGA SENIOR F.
1º Premio.....	25 EUROS.....	15 EUROS.....	15 EUROS
2º Premio.....	20 EUROS.....	10 EUROS.....	10 EUROS
3º Premio.....	20 EUROS.....	5 EUROS.....	5 EUROS
4º Premio.....	20 EUROS		
5º Premio.....	20 EUROS		
PREMIO Á MELLOR BOLADA.....	5 EUROS.....	5 EUROS.....	5 EUROS

B) Premios finais

	LIGA SENIOR M.	LIGA SUB 16	LIGA SENIOR F.
1º Premio.....	200 EUROS.....	90 EUROS.....	90 EUROS
2º Premio.....	150 EUROS.....	75 EUROS.....	75 EUROS
3º Premio.....	100 EUROS.....	50 EUROS.....	50 EUROS
4º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
5º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS

6º Premio.....	50 EUROS
7º Premio.....	50 EUROS
8º Premio.....	50 EUROS
9º Premio.....	50 EUROS
10º Premio.....	25 EUROS
11º Premio.....	25 EUROS
12º Premio.....	25 EUROS
PREMIO Á MELLOR BOLADA.....	50 EUROS..... 50 EUROS.....50 EUROS

A maiores, e compatibles con calquera dos doce premios finais no caso da Liga Senior masculina ou dos cinco premios finais no caso da Liga Senior feminina, tamén se concederán tres premios finais dentro da liga senior (masculina/femenina) para as mellores puntuacións daqueles que cando realicen a súa primeira tirada teñan cumpridos os 60 anos de idade. Estes premios serán de 75 euros, 50 euros e 25 euros.

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Quinto.- Outra información para os beneficiarios dos premios

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

Xove, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2874